

# ÉTICA 4º ESO

## INTRODUCCIÓN

Á espera de que a implantación das materias Educación para a Cidadanía e os Dereitos humanos en 2º de ESO e Etica Cívica en 4º de ESO sexa efectiva no vindeiro curso, segundo a lexislación vixente, mantemos a programación de Etica de 4º de acordo co anterior currículo, aínda que se introducen os novos requirimentos do actual Decreto da Xunta de Galiza sobre a ESO.

Polo tanto o currículo presentado está fortemente condicionado polo feito de dispor unicamente dunha hora semanal para ser desenvolvido. Intentámonos adaptar ás 30 horas reais que aproximadamente terá o curso.

Omitindo os principios metodolóxicos xerais xa citados noutros apartados, concretamos os seguintes:

- Valorar as súas ideas e destrezas para partir delas e das súas experiencias vitais, daqueles aspectos que os alumnos e alumnas cuestionan como problemas: Lévese o pano en cada tema cun **planteamento do problema** tal é como pode ser vivido por eles.
- Desenvolver estratexias de indagación a partir deses problemas de xeito que os estudantes necesiten utilizar conceptos específicos: Ofréceselles información sobre algunhas **teorías éticas** e defínense conceptos básicos.
- Tratar de que o alumno/a realice no proceso de aprendizaxe unha intensa actividade mental que o leve a reflexionar e razoar criticamente sobre as súas propias ideas e actuacións: Foméntase o seu posicionamento ante un **proxecto ético** concreto.
- A organización do traballo na aula atenderá á diversidade de actividades, explicación, traballo individual, en grupos, etc., pero sobre todo salientando que ese plano teórico que acadan na aula non pode illarse da praxe: Cae o pano do tema cunha **actividade ou consello práctico** vencellado ó mesmo.

## OBXECTIVOS

Esta materia ten como finalidade desenvolver primordialmente a competencias social e cidadana, a competencia para aprender a aprender, e a autonomía e iniciativa persoal.

Polo que se refire aos seus obxectivos específicos, ademais dos xerais da área, o desenvolvemento da Etica está dirixido a que os alumnos e alumnas adquieran as seguintes capacidades:

- Identifica-los valores morais universalmente recoñecidos como desexables pola súa contribución á dignidade da persoa e o desenvolvemento pleno do ser humano.
- Comprende-los problemas morais das sociedades actuais e coñecer e valorar algúns proxectos éticos de resposta que contribúan á superación de tales problemas.
- Analiza-los problemas morais identificando os conflitos de valor que entrañan e recoñecendo as distintas posicións dende as que cabe afrontalos.
- Valora-los dereitos e liberdades humanos como resultado da historia da humanidade e como condición imprescindible para a xustiza e a paz.
- Denunciar actitudes inxustas e facerse solidarios con persoas e grupos que se ven privados dos dereitos e liberdades humanos na nosa sociedade.

## **DISTRIBUCIÓN TEMÁTICA**

### **CONTIDOS CONCEPTUAIS**

#### **TEMA 1: Os valores e as normas morais.**

- A experiencia da moralidade.
- Os valores e normas morais e a súa orixe.
- Historicidade e pluralismo dos valores e normas morais.
- Socialización e formación do carácter moral.

#### **TEMA 2: Autonomía e razoamento moral.**

- A autonomía moral.
- Razón e opinión.
- Tipos de argumentación.
- As actitudes éticas.
- deber moral.

#### **TEMA 3: Moral e autoridade: o problema da lexitimación.**

- imperio da lei: O Estado de Dereito.
- Os tres poderes.
- Os límites do contractualismo.
- A desobediencia civil.

#### **TEMA 4: Ética e relixión.**

- Secularización.
- Liberdade relixiosa.
- Fundamentalismos.
- Tolerancia.

- Laicismos.

## **TEMA 5: A moralidade na historia.**

- Éticas materiais:  
O intelectualismo moral.  
Platón e a idea de ben supremo.  
A felicidade e o deber.  
O epicureísmo.  
A ética cristiá.
- Éticas formais.  
A ética kantiana.  
Existencialismo

## **TEMA 6: Problemas morais do noso tempo e proxectos éticos.**

- Viloencia estrutural.
- Consumismo.
- Destrucción do medio.
- Sexismo, racismo, xenofobia.
- Pacifismo, Feminismo, Ecoloxismo.

### **Procedimentais:**

- Análise dos elementos que interveñen nos problemas morais e políticos da nosa sociedade.
- Busca de información e valoración da mesma en canto a súa adecuación á realidade que se estudia.
- Lectura, produción e interpretación de textos axeitados á idade do alumnado.
- Realización de traballos de síntese, investigacións sinxelas e seguimento en prensa de cuestións de actualidade.
- Participación en discusións e debates, argumentando con precisión e rigor.

### **Actitudinais:**

- Recoñecemento da necesidade de reflexión ética na vida persoal e colectiva.
- Valoración positiva das diferencias culturais e sociais como fontes de enriquecemento e autoconstrución, nunca de discriminación.
- Aprecio do labor das ONGs e colaboración con elas na defensa da xustiza e do medio ambiente.

## CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Preténdese comprobar:

- Grao de coñecemento e comprensión dos modelos éticos expostos na clase.
- Se saben detectar cuestións morais implícitas en asuntos non especificamente éticos.
- A sensibilidade á realidade circundante e as situacións de inxustiza.
- A capacidade de evidenciar a estrutura teórica dos problemas morais.
- Receptividade ós argumentos e razóns dos demais, mantendo ou modificando ós seus criterios se fose preciso.

## CONTIDOS MÍNIMOS

O Finalizar o curso os alumnos e as alumnas deberán acadar un dominio dos conceptos que interveñen nas cuestións morais, tales como:

- A noción de ser humano como ser libre, e as distintas nocións de liberdade moral.
- A diferenza entre ética e moral.
- Os conceptos de ben, fin, deber, valor e norma.
- A comprensión das posturas etnocéntricas e relativistas culturais.
- A diferenza entre o universal e o particular, entre o inmutable e o cambiante, entre a autonomía e a heteronomía, entre transcendencia e imanencia.
- A diferenciación entre os distintos niveis de normas: moral, costume, dereito.
- Identificación das principais teorías éticas. Éticas materiais e formais.
- Poder describir e definir con brevidade os elementos básicos da ética aristotélica, hedonista, kantiana, utilitarista existencialista.
- A comprensión do ser humano como ser social.
- A noción de Estado e a comprensión dos seus componentes.
- As formas de legitimación do Estado.
- A noción de democracia e as súas diferentes concepcións.
- A diferenza entre relixión e moral e o sentido de ambas, así como os usos sociais que poden facerse delas.
- E deberá saber definir e facer uso destes conceptos para desenrolar as problemáticas morais.
- Deberán saber ler de forma comprensiva un texto e resumir as ideas principais coas súas palabras.

